



# Boletín Oficial

## Provincia de Ourense



N.º 235 · Martes, 13 outubro 2020

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

### SUMARIO

#### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino dun/unha técnico/a especialista de laboratorio de análise do solo (A2) para o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde)..... 2

#### II. ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO

##### Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A.

##### Comisaría de Aguas. Ourense

Información pública do expediente A/32/25712 de solicitude de concesión dun aproveitamento de augas para usos gandeiros en Soutiño de Reza, no termo municipal da Arnoia..... 16

#### IV. ENTIDADES LOCAIS

##### Petín

Exposición pública do padrón correspondente ás taxas municipais do segundo trimestre do ano 2020..... 16

##### Ribadavia

Exposición pública da lista cobratoria correspondente ao imposto de actividades económicas (IAAEE) do exercicio 2020 e prazo de cobranza en período voluntario..... 16

##### Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense

Exposición pública das listas cobratorias e prazo de cobranza en período voluntario de tributos municipais de distintos concellos..... 17

#### V. TRIBUNAIS E XULGADOS

##### Xulgado do Social n.º 1 de Ourense

Citación para a realización de acto de comparecencia a Pizarras Valdebedul, SL, Pizarras Valdebordoño, SL, e Pizarras La Soledad, SL, no procedemento execución de títulos xudiciais 228/2013..... 18

##### Xulgado do Social n.º 4 de Ourense

Notificación de sentenza a Get Up Comunicación, SL, no procedemento ordinario n.º 71/2020..... 19

Citación para asistir aos actos de conciliación e xuízo a Casa Calahorra, SL, no procedemento n.º 400/2020..... 19

Citación para asistir aos actos de conciliación e xuízo a Grupo Gas Orense AIE, no procedemento despedimento n.º 432/2020..... 20

#### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Convocatoria y bases de selección como personal laboral interino de un/una técnico/a especialista de laboratorio de análisis de suelos (A2) para el Centro de Desarrollo Agroganadero de Xinzo de Limia del Instituto Ourense de Desarrollo Económico (Inorde)..... 9

#### II. ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO

##### Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A.

##### Comisaría de Aguas. Ourense

Información pública del expediente A/32/25712 de solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas para usos ganaderos en Soutiño de Reza, en el término municipal de A Arnoia..... 16

#### IV. ENTIDADES LOCALES

##### Petín

Exposición pública del padrón correspondiente a las tasas municipales del segundo trimestre del año 2020..... 16

##### Ribadavia

Exposición pública de la lista cobratoria correspondiente al impuesto de actividades económicas (IAAEE) del ejercicio 2020 y plazo de cobro en período voluntario..... 17

##### Mancomunidad Voluntaria de Ayuntamientos de la Comarca de Ourense

Exposición pública de las listas cobratorias y plazo de cobro en período voluntario de tributos municipales de distintos ayuntamientos..... 17

#### V. TRIBUNALES Y JUZGADOS

##### Juzgado de lo Social n.º 1 de Ourense

Citación para a celebración de acto de comparecencia a Pizarras Valdebedul, SL, Pizarras Valdebordoño, SL, y Pizarras La Soledad, SL, en el procedimiento ejecución de títulos judiciales 228/2013..... 18

##### Juzgado de lo Social n.º 4 de Ourense

Notificación de sentencia a Get Up Comunicación, SL, en el procedimiento ordinario n.º 71/2020..... 19

Citación para asistir a los actos de conciliación y juicio a Casa Calahorra, SL, en el procedimiento n.º 400/2020..... 19

Citación para asistir a los actos de conciliación y juicio a Grupo Gas Orense AIE, en el procedimiento despido n.º 432/2020..... 20



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Para os efectos oportunos faise pública a aprobación da convocatoria e bases de selección como persoal laboral interino dun/unha técnico/a especialista de laboratorio de análise do solo (A2) para o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde)

Base primeira. Obxecto convocatoria

De conformidade co disposto na Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, aprobada na sesión plenaria do 29 de maio de 2020 e publicada no Boletín Oficial da Provincia do 30 de xullo de 2020 é obxecto destas bases a regulación do proceso selectivo e a convocatoria como persoal laboral interino, dun/unha técnico/a especialista de laboratorio de análise do solo (A2) para o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde). O nomeamento interino será segundo o procedemento ordinario previsto no artigo 4.º da ordenanza.

Base segunda. Requisitos dos aspirantes

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, os/as estranxeiros/as que se atopen residindo legalmente en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos/as estranxeiros/as en España.

b) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título universitario oficial de grao en Ciencias ou Enxeñería, e experiencia mínima acreditada de dous anos en laboratorios de ensaio dedicados á análise de solos.

Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarase no seu día certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

Así mesmo, estar en posesión do título que acredite o grao de perfeccionamento no idioma galego ou Celga 4. Os aspirantes que non dispoñan de tal título e superaran a proba práctica, deberán facer un exercicio de dúas traducións, unha do galego o castelán e outra do castelán ao galego, que se cualificará

como apto ou non apto. O tribunal decidirá a nota mínima para ser declarado apto.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Base terceira.- Lugar e prazo de presentación de instancias

1. As instancias solicitando tomar parte na convocatoria, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiráselle ao presidente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde). As modalidades de presentación serán as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa na Oficina de Asistencia ao Cidadán en materia de Rexistro da Deputación Provincial de Ourense ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (norma que se estima vixente de acordo co establecido na disposición derogatoria única en relación coa disposición final 7.ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas).

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica da Deputación Provincial, no enderezo <https://sede.depourense.es>

2. O prazo será de 7 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa instancia (modelo normalizado que se inclúe na convocatoria e que estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es)) acompañaranse os documentos acreditativos dos méritos aos que fai referencia a fase de concurso e o xustificante de pago da taxa de participación no proceso selectivo.

4. Os requisitos de estar en posesión da titulación esixida, así como os datos de identidade, nacionalidade e residencia serán comprobados de oficio pola Deputación mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos das administracións públicas, sempre que, conforme co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, do 27 de abril de 2016, relativo á protección dos datos das persoas físicas, os solicitantes fagan constar o seu consentimento expreso na solicitude. En caso contrario, os/as interesados/as deberán achegar copia dos documentos correspondentes. Excepcionalmente, se a Deputación non puidese obter os documentos conforme co previsto neste apartado, poderá solicitar ao interesado a súa achega, outorgándolle un prazo de 10 días hábiles.

5. En todo caso, os documentos obtidos utilizaranse exclusivamente para as finalidades deste procedemento selectivo. Os

interesados poderán exercer en calquera momento os dereitos que lles recoñece a normativa vixente en materia de protección de datos.

6. Para a admisión ao concurso dos solicitantes, será requisito imprescindible o aboamento previo da taxa establecida nesta ordenanza fiscal (BOP nº 166, do 20 de xullo de 2018), agás no suposto de exención. A tarifa aplicable nesta convocatoria será: 17 €, para o subgrupo A2. O modelo estará dispoñible no portal web corporativo da Deputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es) e nas oficinas do Servizo de Recursos Humanos e Formación.

No caso de que o interesado estea exento por discapacidade igual ou superior ao 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida polo Instituto Nacional de Seguridade Social.

No caso de que o interesado estea exento por ter a condición de desempregado de longa duración, deberá achegar certificación desta situación expedida polo servizo público de emprego.

No caso de que o interesado forme parte dunha familia numerosa e se acolla á bonificación do 50% no pago da taxa, deberá achegar copia do título de familia numerosa expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Base cuarta.- Listas provisionais e definitivas

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o presidente do Inorde ditara resolución no prazo máximo de cinco días naturais, declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos. Na devandita resolución que se publicará no taboleiro de edictos da Deputación e na páxina web [www.depourense.es](http://www.depourense.es) indícase a causa da exclusión, e concederá un prazo de dez días para a emenda dos erros, incluíndo ademais a designación dos membros do tribunal de selección conforme co establecido no artigo 8º da ordenanza. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, comunicarase - mediante anuncio no taboleiro de anuncios e comunicación por SMS aos afectados, á súa elección- a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados que terá carácter previo á realización da proba práctica.

Base quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección será, de conformidade co previsto no artigo 4.1 da Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, o concurso-oposición.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración de méritos será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles dende a data da súa realización, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais.

Base sexta.- Tribunais de selección

O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un presidente, catro vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto. Designaranse ademais, un mínimo de dous suplentes por cada membro titular do tribunal.

Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera administración pública ou de universidades públicas. A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que sexan obxecto da praza.

Na súa composición respectarase o principio de paridade conforme ao previsto no artigo 59 da Lei do emprego público de Galicia e do artigo 60 do Estatuto básico do empregado público e seguindo as instrucións previstas no artigo 8 da ordenanza.

O secretario do tribunal será designado pola Presidencia, entre funcionarios do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

Base sétima.- Baremo de méritos

1. Con carácter previo á fase de oposición, o tribunal debe proceder á realización da valoración do correspondente concurso co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción.

Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a prevista nas bases garde unha relación de identidade esencial. O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo entre trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

2. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

- A antigüidade na Administración pública, mediante certificación expedida polo órgano competente da Administración pública da que se trate.

- Os servizos prestados no sector privado, mediante certificación de vida laboral e contratos de traballo.

- Os cursos de formación, mediante certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde conste a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír ademais a circunstancia de ter superado a proba de avaliación establecida para a obtención do diploma ou certificación, de ser o caso.

Base oitava.- Proba práctica

1. A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do posto de técnico/a especialista de laboratorio de análise do solo (subgrupo A2) para o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia do INORDE, así como no temario previsto no anexo III das presentes bases. Será determinada polo tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do previsto nestas bases. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba para realizar, recolleranse na acta correspondente.

2. En caso de que o tribunal o estimase necesario, polas especiais características do posto, poderá solicitar previamente a contratación e/ou asistencia dun/unha asesor/a técnico/a especializado/a para a realización e avaliación da proba selectiva.

3. As funcións do posto para o que se convoca a praza, son con carácter xeral as seguintes:

a) Tarefas de laboratorio relativas á análise de solos, ao abeiro de acreditación ENAC (UNE-EN ISO/IEC 17025) incluídas, en todo caso, as seguintes:

a.1) Recepción de mostras de solo.

a.2) Preparación e conservación de mostras de solo.



- a.3) Determinación de pH por potenciometría.
- a.4) Determinación de materia orgánica por gravimetría.
- a.5) Determinación de fósforo (Método Olsen).
- a.6) Illamento e cómputo de quistes de *Globodera* spp.
- a.7) Illamento e cómputo de ovos e xuvenís de quistes de *Globodera* spp.
- a.8) Tratamento informático dos datos obtidos nas análises de solo.
  - b) Tarefas de laboratorio non amparadas pola acreditación ENAC:
    - b.1) Determinación do contido en metais (potasio, calcio, magnesio, sodio) en mostras de solo.
    - b.2) Análise de augas destinadas á rega.
    - b.3) Determinación de amonios, nitratos e nitróxeno total en mostras de auga e/ou solo.
    - b.3) Análises foliares.
    - b.4) Análises de mel.
    - b.5) Identificación de enfermidades dos cultivos máis representativos da provincia de Ourense.

4. Valorarase a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo de desenvolvemento será dunha hora. A puntuación máxima que se lle pode outorgar á proba práctica será a que corresponda a un 60% da puntuación máxima do total do proceso selectivo, determinada unha vez se coñeza a puntuación máxima obtida na fase de concurso. A puntuación necesaria para superar esta fase será a metade da máxima establecida.

A corrección da proba levarase a cabo e será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación, incluírase a proposta de resolución formulada polo tribunal.

Base novena.- Proposta de contratación

1. Unha vez efectuadas as publicacións sinaladas, o presidente do tribunal remitiralle o expediente completo ao presidente da Comisión de Control e Seguimento, que procederá á súa convocatoria para a emisión do informe preceptivo correspondente.

2. No suposto en que o informe da comisión fose desfavorable á proposta do tribunal, devolveráselle o expediente a este, co fin de que emita o informe ao respecto que considere oportuno.

3. O aspirante proposto pola comisión presentará dentro do prazo de cinco días naturais, desde que se fai pública a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para tomar parte neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función que se vai desempeñar.

b) Título orixinal para validar, ou ben, xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición deste.

c) Declaración xurada ou promesa de non estar separado mediante procedemento disciplinario de ningunha Administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio da función pública.

4. As persoas que superasen a fase de oposición do proceso selectivo e non acadasen puntuación suficiente para o seu nomeamento para o posto convocado, pasarán a integrar unha lista de reserva para posibles novos nomeamentos da categoría profesional correspondente.

Base décima.- Contratación

1. O presidente do Inorde, de acordo coa proposta formulada pola Comisión de Control e Seguimento procederá a formalizar a relación laboral correspondente.

2. O contrato que se lle realizará á persoa seleccionada é o de interinidade polo tempo que dure a baixa de maternidade obxecto deste. Redactarase ao abeiro do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Base undécima.- Recursos

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen oportuna.

(Ver anexos páx. 5-8)



## (Anexo I)

## I.- Datos do solicitante:

Apelidos: \_\_\_\_\_

Nome: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_

Poboación: \_\_\_\_\_ provincia: \_\_\_\_\_

Teléfono móbil: \_\_\_\_\_ teléfono: \_\_\_\_\_

Correo electrónico: \_\_\_\_\_

II.- Solicita a súa inclusión para participar no proceso selectivo dun/dunha técnico/a especialista de laboratorio de análise do solo (A2) para o Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde).

## III.- Documentación que achega:

- Titulación
- Celga 4
- Pago da taxa
- Méritos alegados

SI	<input type="checkbox"/>	Autorizo á Deputación Provincial de Ourense para que consulte ou obteña documentos acreditativos dos méritos a través das plataformas de intermediación de datos coas administracións competentes ou mediante outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.
NON	<input type="checkbox"/>	

SI	<input type="checkbox"/>	Autorizo á Deputación Provincial de Ourense para que me sexa enviado por vía de correo electrónico ou SMS a comunicación de aviso da publicación na sede electrónica da Deputación dos diferentes actos e resolución de interese para a miña solicitude.
NON	<input type="checkbox"/>	

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura.

Relatorio de méritos

Anexo II

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_

DNI/NIE: \_\_\_\_\_ teléfono móbil: \_\_\_\_\_

Para os efectos do baremo aplicable, acredita os méritos que a seguir se especifican e achega documentación xustificativa deles.

1.- Polos servizos prestados na mesma categoría ou análoga categoría profesional:

Anos	Meses	Días

2.- Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

Denominación	Organismo emisor	Ano	Horas

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_.

Sinatura.

## Anexo III

Tema 1.- O laboratorio. Criterios de organización, deseño e seguridade. Condicións ambientais. Mobiliario, dimensionamento e definición de espazos. Distribución de servizos auxiliares. Material de laboratorio, produtos químicos. Almacéns. Limpeza e conservación do material. Laboratorios de I+D.

Tema 2.- Transformacións químicas. Interpretación de ecuacións químicas. Rendemento de reacción. Cálculos estequiométricos. Axuste de reaccións.

Tema 3.- Aplicacións e manexo de equipos e aparellos de mostraxe. Procedementos de mostraxe e toma de mostras. Conceptos. Plano de mostraxe. Erros. Tamaño da mostra. Importancia da toma de mostras. Técnicas de mostraxe. Equipos de mostraxe.

Tema 4.- Operacións de pretratamento de mostras: moenda, mesturado, disgregación. Disolucións: procedementos normalizados de traballo. Conservación de solucións valoradas. Preparación de disolucións mediante procedementos normalizados. Importancia destas operacións. Equipos e mantemento destes.

Tema 5.- Operacións de separación mecánica: peneirado e filtración. Aplicacións prácticas. Cribos, normalizacións. Materiais e métodos de filtración.

Tema 6.- Operacións de separación mecánica: centrifugación e decantación. Aplicacións prácticas. Aparellos de centrifugación.

Tema 7.- Operacións de separación térmica: destilación e evaporación. Aplicacións prácticas. Cambios de fase, conceptos. Gráficas, temperatura, composición, aparellos e equipos.

Tema 8.- Operacións de separación térmica: secado e cristalización. Mecanismos de secado. Estados cristalinos e amorfos e de cristalización. Aparellos e equipos. Aplicacións prácticas.

Tema 9.- Separacións difusionais. Extracción, absorción: procedementos e aplicacións. Fundamentos das operacións difusionais. Mecanismo físico-químico de absorción. Equipos e aparellos.

Tema 10.- Magnitudes físicas e a súa medida. Unidades fundamentais. Patróns. Medición e calibrado. Erros. Medidas de lonxitude. Medida e grosos. Medida de superficies. Medida de volumes. Manexo de aparellos. Mantemento de aparellos de medida.

Tema 11.- Hixiene e seguridade no laboratorio. Técnicas de prevención. Utilización de procedementos e planos de traballo.

Tema 12.- Métodos químicos de análise: métodos volumétricos, métodos gravimétricos.

Tema 13.- Métodos químicos de separación: de precipitación, de destilación, de extracción e de cromatográficos.

Tema 14.- Métodos instrumentais de análise: de radiación electromagnética, de absorción atómica, de radiación magnético-nuclear e de absorción infravermella.

Tema 15.- Métodos instrumentais de análise: de fluorescencia, de dispersión da luz, de espectroscopia de emisión e de espectrometría de masas.

Tema 16.- Métodos instrumentais de análise: de raios X, de radiación polarizada e de refractometría.

Tema 17.- Métodos electroanalíticos: potenciométricos, condutivimétricos e electrogravimétricos.

Tema 18.- O solo de cultivo. Características físicas. Características químicas. Características microbiolóxicas.

Tema 19.- Recuperación de solos para cultivo.

Tema 20.- Toma de mostra en solo para ensaio físico-químico e fitopatolóxicos

Tema 21.- Análise físico-química de solos; determinación de: textura, pH, condutividade, fósforo Olsen, materia orgánica, catións de cambio, nitróxeno total, nitróxeno amónico, nitróxeno nítrico e metais pesados.

Tema 22.- Análises fitopatolóxicas de solo. Determinación de globodera spp.

Tema 23.- Análise de fertilizantes orgánicos; determinación de: nitróxeno total, nitróxeno nítrico, nitróxeno amoniacal, fósforo total, fósforo asimilable, potasio total, potasio asimilable, calcio, magnesio, metais pesados.

Tema 24.- Análise foliar; determinación de: nitróxeno, calcio, magnesio, potasio, fósforo e microelementos.

Tema 25.- Principais cultivos da provincia de Ourense. Selos de calidade. Aptitude para a introdución de novos cultivos.

Tema 26.- Análise de calidade de produtos endóxenos. Calidade en cereal. Calidade en pataca. Calidade en viña. Calidade en mel. Calidade en castaña. Calidade en produtos hortícolas.

Tema 27.- Fitopatoloxía da pataca. Principais pragas e enfermidades, limiares de risco. Determinacións fitopatolóxicas en campo e laboratorio.

Tema 28.- Fitopatoloxía da viña. Principais pragas e enfermidades, limiares de risco. Determinacións fitopatolóxicas en campo e laboratorio.

Tema 29. Fitopatoloxía de cultivos extensivos de secaño. Principais pragas e enfermidades, limiares de risco. Determinación fitopatolóxicas en campo e laboratorio.

Tema 30.- Fitopatoloxía de produtos hortícolas. Principais pragas e enfermidades, limiares de risco. Determinación fitopatolóxicas en campo e laboratorio.

Tema 31.- Fitopatoloxía do castiñeiro, oliveira e forestal. Principais pragas e enfermidades, limiares de risco. Determinación fitopatolóxica en campo e laboratorio.

Tema 32.- A calidade no laboratorio de ensaios. Norma ISO 17025.

Tema 33.- Riscos derivados do manexo de ferramentas, máquinas e materiais técnicos. Elementos e medidas de protección.

Tema 34.- Normas de saúde e seguridade no laboratorio. Criterios de actuación e primeiros auxilios no caso de accidente.

Tema 35.- Informática aplicada no laboratorio. Almacenamento de datos. Procesadores de texto, follas de cálculo, bases de datos. Programas estatísticos.

Tema 36.- Impacto ambiental da actividade tecnolóxica e a explotación de recursos. Técnicas de tratamento e reciclaxe de residuos nun laboratorio.

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude:

Os datos persoais achegados coa presente solicitude incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento da Deputación Provincial de Ourense e serán tratados coa/s finalidade/s específicas de cada tratamento, de conformidade coa regulación establecida no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obrigação legal e/ou no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as súas función de selección e xestión do persoal, e/ou calquera outras inherentes á relación laboral/funcionarial. O prazo de conservación dos datos será o legalmente previsto.

Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, previo consentimento ou de acordo co previsto na lexislación antedita.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é a Deputación Provincial de Ourense, ou ante o seu delegado de Protección de Datos, no correo electrónico [DPO@depourense.es](mailto:DPO@depourense.es). En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.



## Diputación Provincial de Ourense

Para los efectos oportunos se hace pública la aprobación de la convocatoria y bases de selección como personal laboral interino de un/una técnico/a especialista de laboratorio de análisis de suelos (A2) para el Centro de Desarrollo Agroganadero de Xinzo de Limia del Instituto Ourenseano de Desarrollo Económico (Inorde)

### Base primera. Objeto convocatoria

De conformidad con lo dispuesto en la Ordenanza Provincial Reguladora de los procedimientos de contratación de personal funcionario interino y laboral temporal al servicio de la Diputación Provincial de Ourense, aprobada en la sesión plenaria del 29 de mayo de 2020 y publicada en el Boletín Oficial de la Provincia de 30 de julio de 2020 es objeto de estas bases la regulación del proceso selectivo y la convocatoria como personal laboral interino, de un/una técnico/a especialista de laboratorio de análisis de suelos (A2) para el Centro de Desarrollo Agroganadero de Xinzo de Limia del Instituto Ourenseano de Desarrollo Económico (Inorde). El nombramiento interino será según el procedimiento ordinario previsto en el artículo 4.º de la ordenanza.

### Base segunda. Requisitos de los aspirantes

Los requisitos de los aspirantes serán los siguientes:

a) Nacionalidad: ter la nacionalidad española. Además, y conforme con lo establecido en la Ley 17/1993, de 23 de diciembre, podrán acceder los nacionales de los demás estados miembros de la Unión Europea, así como los/las extranjeros/as que reúnan la condición de cónyuges de españoles o de nacionales de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separados de derecho, y sus descendentes y los de su cónyuge- siempre que no estén separados de derecho- menores de 21 años o mayores que vivan a sus expensas. Las mismas reglas se aplicarán, en su caso, a las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales realizados por la Comunidad Europea y ratificados por España, en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores. Además de las personas señaladas en el párrafo anterior, los/las extranjeros/as que estén residiendo legalmente en España, de acuerdo con lo previsto en el artículo 10.2 de la vigente Ley Orgánica de Derechos y Libertades de los/las extranjeros/as en España.

b) Edad: tener cumplidos 16 años de edad y no exceder la edad máxima de jubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión del título universitario oficial de grado en Ciencias o Ingeniería, y experiencia mínima acreditada de dos años en laboratorios de ensayo dedicados al análisis de suelos.

Cuando se aleguen equivalencias de títulos, se aportará en su día certificado para el efecto de la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. En caso de titulaciones obtenidas en el extranjero, deberán poseer el documento que acredite fidedignamente su homologación. Este requisito no será de aplicación a los aspirantes que obtuviesen el reconocimiento de su cualificación profesional, en el ámbito de las profesiones reguladas, al amparo de las disposiciones de derecho de la Unión Europea.

Así mismo, estar en posesión del título que acredite el grado de perfeccionamiento en el idioma gallego o Celga 4. Los aspirantes que no dispongan de tal título y hubiesen superado la prueba práctica, deberán hacer un ejercicio de dos traducciones, una del gallego al castellano y otra del castellano al gallego,

que se calificará como apto o no apto. El tribunal decidirá la nota mínima para ser declarado apto.

d) Capacidad funcional: no padecer enfermedad ni estar afectado por limitación física o psíquica incompatible con el desempeño de las correspondientes funciones.

e) Habilitación: no haber sido separado mediante expediente disciplinario del servicio de cualquiera de las administraciones públicas o de los órganos constitucionales o estatutarios de las comunidades autónomas, ni encontrarse en inhabilitación absoluta o especial para empleos o cargos públicos por resolución judicial para el acceso al cuerpo o escala de funcionario, o para ejercer funciones similares a las que desempeñaban en el caso del personal laboral, en el que fuese separado o inhabilitado. En el supuesto de ser nacional de otro Estado, no estar inhabilitado o en situación equivalente ni haber sido sometido a sanción disciplinaria o equivalente que impida, en su Estado, en los mismos términos, el acceso al empleo público.

### Base tercera.- Lugar y plazo de presentación de instancias

1. Las instancias solicitando tomar parte en la convocatoria, en la que los aspirantes deberán manifestar que reúnen todas y cada una de las condiciones exigidas, referidas siempre a la fecha de expiración del plazo señalado para la presentación de instancias, se le dirigirán al presidente del Instituto Ourenseano de Desarrollo Económico (Inorde). Las modalidades de presentación serán las siguientes:

a) De forma presencial, mediante la presentación en papel de la solicitud y de la documentación anexa en la Oficina de Asistencia al Ciudadano en materia de Registro de la Diputación Provincial de Ourense o en cualquiera de los lugares previstos en el artículo 38.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre (norma que se estima vigente de acuerdo con lo establecido en la disposición derogatoria única en relación con la disposición final 7.ª de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas).

b) De forma telemática, a través del registro electrónico general de la sede electrónica de la Diputación Provincial, en la dirección <https://sede.depourense.es>

2. El plazo será de 7 días naturales contados a partir del siguiente al de la publicación de esta convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

3. Con la instancia (modelo normalizado que se incluye en la convocatoria y que estará disponible en el portal web corporativo de la Diputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es)) se acompañarán los documentos acreditativos de los méritos a los que hace referencia la fase de concurso y el justificante de pago de la tasa de participación en el proceso selectivo.

4. Los requisitos de estar en posesión de la titulación exigida, así como los datos de identidad, nacionalidad y residencia serán comprobados de oficio por la Diputación mediante consulta a las plataformas de intermediación de datos de las administraciones públicas, siempre que, conforme con el Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo Europeo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de los datos de las personas físicas, los solicitantes hagan constar su consentimiento expreso en la solicitud. En caso contrario, los/las interesados/as deberán aportar copia de los documentos correspondientes. Excepcionalmente, si la Diputación no pudiese obtener los documentos conforme con lo previsto en este apartado, podrá solicitarle al interesado su entrega, otorgándole un plazo de 10 días hábiles.



5. En todo caso, los documentos obtenidos se utilizarán exclusivamente para las finalidades de este procedimiento selectivo. Los interesados podrán ejercer en cualquier momento los derechos que les reconoce la normativa vigente en materia de protección de datos.

6. Para la admisión al concurso de los solicitantes, será requisito imprescindible el abono previo de la tasa establecida en esta ordenanza fiscal (BOP n.º 166, de 20 de julio de 2018), salvo en los supuestos de exención. La tarifa aplicable en esta convocatoria será: 17 €, para el subgrupo A2. El modelo estará disponible en el portal web corporativo de la Diputación de Ourense [www.depourense.es](http://www.depourense.es) y en las oficinas del Servicio de Recursos Humanos y Formación.

En el caso de que el interesado esté exento por discapacidad igual o superior al 33%, deberá acreditar esta circunstancia mediante certificación acreditativa expedida por el Instituto Nacional de Seguridad Social.

En el caso de que el interesado esté exento por tener la condición de desempleado de larga duración, deberá aportar certificación de esta situación expedida por el servicio público de empleo.

En el caso de que el interesado forme parte de una familia numerosa y se acoja a la bonificación del 50% en el pago de la tasa, deberá aportar copia del título de familia numerosa, expedida por la Consellería de Política Social de la Xunta de Galicia.

**Base cuarta.- Listas provisionales y definitivas**

Una vez expirado el plazo de presentación de instancias, el presidente del Inorde dictará resolución en el plazo máximo de cinco días naturales, declarando aprobada la lista de admitidos y excluidos. En la citada resolución que se publicará en el tablón de edictos de la Diputación y en la página web [www.depourense.es](http://www.depourense.es) se indicará la causa de la exclusión, y se concederá un plazo de diez días para la enmienda de los errores, incluyendo además la designación de los miembros del tribunal de selección conforme con lo establecido en el artículo 8º de la ordenanza. Una vez resueltas dichas reclamaciones, se comunicará - mediante anuncio en el tablón de anuncios y comunicación por SMS a los afectados, a su elección- la fecha de realización de la prueba práctica que se fije y la de valoración de los méritos aportados que tendrá carácter previo a la realización de la prueba práctica.

**Base quinta.- Procedimiento de selección**

El procedimiento de selección será, de conformidad con lo previsto en el artículo 4.1 de la Ordenanza Provincial Reguladora de los Procedimientos de Selección de Personal Funcionario Interino al Servicio de la Diputación Provincial de Ourense, el concurso-oposición.

La fase de concurso será previa a la de oposición, no tendrá carácter eliminatorio y no podrá suponer nunca más del 40% del total de la puntuación. La valoración de méritos será objeto de publicación en la sede electrónica de la Diputación en el plazo máximo de cinco días hábiles desde la fecha de su realización, salvo que concurran causas excepcionales que lo impidan, supuesto en el que, tras la autorización expresa previa de la Presidencia, podrá prorrogarse dicho plazo hasta un máximo de diez días naturales.

**Base sexta.- Tribunales de selección**

El tribunal de selección estará formado por seis miembros, integrándose por un presidente, cuatro vocales y un secretario

que actuará con voz pero sin voto. Se designarán, además, un mínimo de dos suplentes por cada miembro titular del tribunal.

Los miembros del tribunal deberán tener la condición de funcionario de carrera o personal laboral fijo de cualquier administración pública o de universidades públicas. Su composición será estrictamente técnica y deberán poseer una titulación académica que acredite conocimientos en las materias que sean objeto de la plaza.

En su composición se respetará el principio de paridad conforme a lo previsto en el artículo 59 de la Ley del empleo público de Galicia y del artículo 60 del Estatuto Básico del Empleado Público y siguiendo las instrucciones previstas en el artículo 8 de la ordenanza.

El secretario del tribunal será designado por la Presidencia, entre funcionarios del Servicio de Recursos Humanos de la Diputación Provincial.

**Base séptima.- Baremo de méritos**

1. Con carácter previo a la fase de oposición, el tribunal debe proceder a la realización de la valoración del correspondiente concurso con el siguiente baremo:

a) Por los servicios prestados en la misma o análoga categoría profesional: 0,15 puntos por mes o fracción.

Se entenderá por categoría profesional análoga aquella con la que la prevista en las bases guarde una relación de identidad esencial. El cómputo se realizará sumando el tiempo total de servicios prestados expresado en días y dividiéndolo entre treinta, aplicándole al cociente resultante el coeficiente de puntuación que corresponda según el baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administraciones públicas, universidades, INEM, formación continua en el marco del acuerdo de formación continua para las administraciones públicas o formación ocupacional, relacionado con las funciones para desarrollar:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

- Por cursos de 100 o más horas: 1 punto por curso.

2. Los méritos deberán acreditarse a través de los siguientes medios:

- La antigüedad en la Administración pública, mediante certificación expedida por el órgano competente de la Administración pública de la que se trate.

- Los servicios prestados en el sector privado, mediante certificación de vida laboral y contratos de trabajo.

- Los cursos de formación, mediante certificado expedido por la entidad promotora de la acción formativa, donde conste la denominación del curso y su número de horas. La certificación deberá incluir además la circunstancia de haber superado la prueba de evaluación establecida para la obtención del diploma o certificación, en su caso.

**Base octava.- Prueba práctica**

1. La prueba práctica estará relacionada directamente con los cometidos propios del puesto de técnico/a especialista de laboratorio de análisis del suelo (subgrupo A2) para el Centro de Desarrollos Agroganadero de Xinzo de Limia del Inorde, así como en el temario previsto en el anexo III de las presentes bases. Será determinada por el tribunal de selección en la misma fecha de su realización, en el marco de lo previsto en estas bases. Las actuaciones desarrolladas en la reunión en la que se establezca el contenido de la prueba a realizar, se recogerán en el acta correspondiente.

2. En caso de que el tribunal lo estimase necesario, por las especiales características del puesto, podrá solicitar previamente la contratación e/o asistencia de un/una asesor/a técnico/a especializado/a para la realización y evaluación de la prueba selectiva.

3. Las funciones del puesto para el que se convoca la plaza, son con carácter general las siguientes:

a) Tareas de laboratorio relativas al análisis de suelos, al amparo de acreditación ENAC (UNE-EN ISO/IEC 17025) incluidas, en todo caso, las siguientes:

- a.1) Recepción de muestras de suelo.
- a.2) Preparación y conservación de muestras de suelo.
- a.3) Determinación de pH por potenciometría.
- a.4) Determinación de materia orgánica por gravimetría.
- a.5) Determinación de fósforo (Método Olsen).
- a.6) Aislamiento y cómputo de quistes de globodera spp.
